

Premio: VIII Certame de artesanía “Antonio Fraguas Fraguas”

Organismo: Deputación Provincial da Coruña

Participantes: Poderán participar todos os artesáns, que traballen no campo da artesanía galega tradicional ou contemporánea, tanto a título particular coma en agrupacións de varios autores, colectivos, asociacións, etcétera, e que non fosen premiados nas tres edicións anteriores a ésta. Na modalidade de artesanía tradicional poderan ser presentadas candidaturas ao premio por parte de outras persoas, colectivos ou entidades, que non sexan os autores das pezas, quedando, neste caso, a venta delas, condicionada á a autorización do seu autor.

Cada artesán ou colectivo poderá concorrer ao certame cun máximo de seis pezas, podendo ser considerados como unha peza os conxuntos que, estando formados por varias, constitúan unha única unidade.

Premio: O certame consta das modalidades de artesanía tradicional e de artesanía contemporánea, e ten por obxecto, por unha banda, a concesión dun premio de 4.500 € para cada modalidade, e por outra, a adquisición de obra por un importe máximo de 19.000 €, estando incluídos en todas as cantidades os impostos que lles sexan aplicabeis.

Esta adquisición sera feita de forma equitativa entre as dúas modalidades mencionadas, procurando, na medida do posíbel, que a totalidade das obras adquiridas se reparta, entre ambas tendencias.

Na cantidade que se destine ás adquisicións será incluída a contía das obras premiadas polo importe no que estean valoradas.

Requisitos das obras: A temática e a técnica empregadas serán libres.

As solicitudes de participación serán feitas nun impreso, que será facilitado no Rexistro da Deputación ou na Sección de Cultura e Deportes e virán achegadas do N.I.F. do participante, así como daqueles documentos que no impreso se sinalen, e dunha ou varias fotos das obras presentadas.

No caso de candidaturas que non sexan presentadas polos autores das pezas, deberán achegar un dossier no que se argumente a proposta que se fai.

O tamaño das fotos será de 20 x 25 cm. e virán montadas sobre soporte de folia de álbum, que levará adherida en lugar ben visíbel unha inscrición cos seguintes datos: nome do autor, enderezo, prezo da obra (incluídos impostos), medidas aproximadas e técnica empregada.

Prazo e lugar da presentación: O prazo de admisión de solicitudes remata o día 31 de maio de dous mil dez.

As solicitudes serán enviadas á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña.

Publicación: BOP nº 34, 22 de febreiro de 2010

Máis Información (Anexos):

http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/02/22/2010_0000001901.html

Deputación da Coruña: Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña. Tfno: 981 080300